

XIII Edición dos Premios Vagalume

OBXECTIVOS

- ? Recoñecer o traballo que persoas individuais e colectivos da cidade realizan cunha clara vocación social.
- ? Contribuír ao desenvolvemento de actitudes positivas cara ao traballo social.
- ? Estimular a cooperación, a solidariedade e a igualdade entre os composteláns.

PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS

Poderán presentar candidaturas todas as asociacións, entidades e institucións que realicen o seu traballo no Municipio de Santiago. Cada candidatura deberá incluír: breve biografía da persoa ou colectivo proposto, exposición do traballo que realiza e que se considera obxecto de recoñecemento, e exposición razoada polo proponente dos motivos que concorren no designado para a presentación da candidatura.

As candidaturas deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Santiago de Compostela nos prazos fixados.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

Abrirase o prazo o 9 de novembro ata o 1 de decembro de 2005

MODALIDADES

Os premios atenderán a dous apartados, un premio individual e un premio a unha entidade benéfica e social.

ENTREGA DE PREMIOS

A entrega de premios terá lugar nun acto público na sala Mozart do Auditorio de Galicia o día 15 de decembro de 2005, ás 20 horas.

INFORMACIÓN:

Departamento de Educación e Mocidade
Rúa do Vilar 13, 1º
Tfnos.: 981- 55 44 00/ 55 44 01
Fax: 981- 57 15 11
dptoeducacion@aytocompostela.es

PREMIOS VAGALUME 1993-2002

RELACIÓN DE GALARDOADOS

I EDICIÓN. 1993

PREMIO INDIVIDUAL compartido:

Irmán Gómez.

D. Domingo Rouco Calvelo.

PREMIO COLECTIVO:

Centro Xuvenil Don Bosco.

II EDICIÓN. 1994

PREMIO INDIVIDUAL:

D. Crisanto Sanmartín Beiroa, membro fundador do grupo Cántigas e Agarimos.

PREMIO COLECTIVO:

Cociña Económica de Santiago.

III EDICIÓN. 1994

PREMIO INDIVIDUAL compartido:

D. Valentín Varela, fotógrafo da minuta

D. Rafael Santos, fotógrafo da minuta

D. Manuel González, barquilleiro

D. Néstor Prieto, castañeiro

polo seu traballo profesional na zona vella de Santiago.

PREMIO COLECTIVO:

Proxecto Home Galicia, polo seu labor e dedicación social ao traballo cos drogodependentes, sendo recoñecido oficialmente como un dos mellores programas para a reinserción dos toxicómanos.

IV EDICIÓN. 1995

PREMIO INDIVIDUAL compartido:

Frei Daniel Alonso Mancebo, franciscano.

Sr. D. Manuel Muñiz, polo traballo de dinamización social realizado ao longo de moitos anos e a súa contribución na mellora de condicións de vida dos seus concidadáns nos barrios de Santa Marta e Conxo.

PREMIO COLECTIVO:

Centro da Muller "Vagalume", polo labor desenvolvido con mulleres en situación de marxinación social.

V EDICIÓN. 1997

PREMIO INDIVIDUAL compartido:

D. Isaac Vázquez Alvite, polo seu labor como profesor musical e mestre de rondallas.

Dª. Teresa Lord Rodríguez, polo seu traballo na creación, desenvolvemento e impulso da Asociación Compostelá de Diabéticos.

PREMIO COLECTIVO:

Unidade Municipal de Atención ás Drogodependencias, polo labor preventivo que realiza este servizo no ámbito educativo, familiar e comunitario.

VI EDICIÓN. 1998

PREMIOS INDIVIDUAIS:

José Porto Buceta, párroco de Sar, polo seu labor e exemplo na parroquia de Sar.

Pastor Moscoso Vilas, fotógrafo, como homenaxe ao seu traballo como fotógrafo e protagonista da memoria e da protección do patrimonio artístico da cidade de Santiago.

Eduardo Hernández García, libreiro, como recoñecemento a unha vida dedicada aos libros e a un espacio que foi lugar de encontro de estudantes, profesionais e intelectuais que alí se formaron.

PREMIOS COLECTIVOS:

Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Santiago, polo seu labor en defensa dos animais.

Asociación de Avoas da Ponte Pedriña, polo seu labor e posta en marcha de actividades recreativas, educativas e culturais no barrio da Ponte Pedriña.

VII EDICIÓ N. 1999

PREMIO INDIVIDUAL:

Ruth Gómez Vázquez pola súa dedicación persoal no traballo cos nenos e nenas da Escola "Camilo José Cela" do Hospital Clínico de Santiago.

PREMIO COLECTIVO compartido:

Asociación Síndrome de Down de Compostela, polo seu labor de difusión, integración e defensa dos dereitos das persoas coa síndrome de Down.

Coordinadora do Barrio de Vite, polo seu labor de prevención e atención ás situacións de marxinación desde unha perspectiva comunitaria.

Asociación de Amigos e Familiares de Enfermos Mentais "Fonte da Virxe", polo seu labor asistencial e defensa dos dereitos e necesidades das persoas con enfermidade mental.

VIII EDICIÓ N. 2000

PREMIO INDIVIDUAL:

Maruja Neira González propietaria do restaurante El Asesino, como recoñecemento ao labor social e humano que vén realizando á fronte da empresa familiar desde hai 50 anos. Pola calidade da cociña que ofrece ao longo dos anos, así como pola atención e a solidariedade expresada con tantas persoas que solicitaron os seus servizos, o que converte a este establecemento en algo máis que unha casa de comidas.

PREMIO COLECTIVO:

Asociación de Mulleres "Recandea" por crear e promover novos espazos de encontro para as mulleres no barrio do Castiñeirño, procurando a súa integración e implicación na vida do barrio, desenvolvendo programación constante a través de actividades formativas, obradoiros e intercambios.

IX EDICIÓ N. 2001

PREMIO INDIVIDUAL:

Mª del Carmen Vázquez Vaamonde, presidenta da Asociación Compostelá de Esclerose Múltiple, polo esforzo, dedicación e entusiasmo para acadar unha mellor calidade de vida, afecto e comprensión para quen de maneira directa ou indirecta vive afectado pola esclerose múltiple.

PREMIO COLECTIVO:

Á *Asociación para a Formación e o Emprego de Xoves Diminuídos*, colectivo que integra a persoas discapacitadas psíquicas e físicas, pola realización de todo tipo de iniciativas en prol da súa integración e desenvolvemento.

X EDICIÓ N. 2002

PREMIO INDIVIDUAL compartido:

Mª Pilar Sánchez-Cantón Lenard (Piluca), pola súa dilatada experiencia de traballo solidario e de traballo social en Santiago, que é un referente para moitas organizacións e persoas da cidade coas que colaborou en infinidade de iniciativas, amosando sempre unha total entrega ás diversas causas e achegando a súa experiencia e capacidade de traballo.

Anxo Martínez Sanmartín, polo seu labor dinamizador no ámbito do folclore de Galicia. Ao seu traballo na creación de colectivos, a investigación e a recuperación do traxe tradicional galego, nomeadamente na comarca de Santiago, xúntase o seu esforzo rehabilitador dun dos elementos máis representativos das festas compostelás, os xigantes e cabezóns que no Apóstolo animan as rúas de Santiago.

PREMIO COLECTIVO compartido:

Asemblea Comarcal de Cruz Vermella, polo seu continuado traballo de voluntariado social desenvolvido en diferentes ámbitos da vida cidadá de Compostela.

Agrupación de Voluntarios de Protección Civil, pola súa entrega e dedicación ao voluntariado social desenvolvido nos diferentes ámbitos da vida cidadá de Compostela.

Asociación Comarcal de Xordos de Santiago de Compostela, polo seu labor de mellora da vida das persoas xordas a través do movemento asociativo, e de actuacións que eviten a súa marxinación e aseguren a súa integración educativa, social e laboral.

Asociación Folclórica "Colexiata de Sar", polo seu labor de investigación e difusión da cultura tradicional galega, das súas danzas, a súa música e os seus traxes, e moi principalmente, polo fomento entre a mocidade do gusto pola convivencia a través da cultura popular.